

# **BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 30 DE OUTUBRO DE 2014.**

## **ASISTENTES:**

### PresidentA:

D<sup>a</sup>. Ana Ledo Fernandez


### Concelleiros:

D. Jose Angel Rey Seoane

D<sup>a</sup>. Isabel Sesar Otero

### Secretaria-Interventora:

D<sup>a</sup> Rebeca Vázquez Vázquez



## **1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIORES**

Coñecidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas coa convocatoria, a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 25/09/2014, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sra. Alcaldesa se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non se formulan observacións, polo que a Xunta de Goberno Local por unanimidade

### **ACORDOU:**

**ÚNICO.-** Aprobar a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 25/09/2014.

## **2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO**

**2.1.- RESOLUCIÓN DA SECCION DE SERVIZOS SOCIAIS DA DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA SOBRE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA E O PAGO DO SEGUNDO PRAZO DA SUBVENCIÓN DO PROGRAMA FOIO0B CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS CONCELLOS E OUTRAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA PARA DESENVOLVEMENTO DE POLÍTICAS DE**

## **IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES E DE LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO NO ANO 2013**

Pola secretaria dase conta do escrito remitido da Sección de Servizos Socias da Deputación Provincial da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co nº 2102 en data 25/09/2014, no que se resolve a aprobación da conta xustificativa e o aboamento do segundo prazo:

Subvención: III Plan municipal de igualdade de oportunidades do Concello de Boimorto

Importe concedido: 1.814,40 €

Aboamento do segundo prazo da subvención: 907,20 €.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

## **2.2.- CERTIFICACIÓN DO ACORDO QUE ADOPTOU A XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL NA SESIÓN ORDINARIA DO 05.07.2014 RELATIVO AO INFORME SECTORIAL SOBRE O PLAN ESPECIAL DE ORDENACIÓN DO NÚCLEO RURAL DAS GALIÑEIRAS-O VILAR EN BOIMORTO.**

Pola secretaria dase conta da certificación remitida polo servizo de asistencia técnica urbanística da Deputación Provincial da Coruña, con rexistro de entrada neste Concello co nº 2119 en data 29/09/2014, en relación ao acordo de aprobación de informe sectorial favorable ao plan especial de ordenación do núcleo rural de Galiñeiras-O Vilar na parroquia de Sendelle.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

## **2.3.- RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE E VOLUNTARIADO SOBRE APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á XUVENTUDE.**

Pola secretaria dase conta da resolución ditada polo director xeral de Xuventude e Voluntario, con rexistro de entrada neste Concello co nº 2116 en data 29/09/2014, no que se acorda conceder a esta entidade para a realización das actividades dirixidas á xuventude incluídas no proxecto presentado coa solicitude a cantidade de 1.974,81 euros e deberase xustificar a totalidade do proxecto subvencionado antes do 20 de outubro 2014.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

## **3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIÓNS**

### **3.1.- LICENCAS, PERMISOS**

### **3.2.- AUTORIZACIÓNS**

#### **3.2.1.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUBMINISTRO DE AUGA 7/2014**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello número 2126, con data 30/09/2014, presentada por D. David Balado Pardo, DNI núm. 79334614R, con domicilio a efectos de notificación en Lg. Romelas nº 7, Mercurín, 15817 Boimorto, na que solicita a conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda unifamiliar sita no lugar de Aquelavila nº 8, parroquia de Buazo, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia segundo o artigo 42 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación e segundo o apartado 1 do artigo 43 a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No artigo 105 da mesma lei na letra k) di que é infracción grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora pola taxa de subministro de auga artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a D. David Balado Pardo, autorización para conexión á rede de abastecemento de auga para a vivenda unifamiliar sita no lugar de Aquelavila nº 8, parroquia de Buazo, deste termo municipal.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

### **3.2.2.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUBMINISTRO DE AUGA 8/2014**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello número 2131, con data 30/09/2014, presentada por D. Ángel Baqueiro Meijide, DNI núm. 36148932Q, con domicilio a efectos de notificación en Lg. Sobreira nº 2, Boimorto, 15817 Boimorto, actuando en representación da entidade Explotación campera de los Huevos de Oro S.C con CIF J-70335518, na que solicita a conexión á rede de abastecemento de auga da obra de explotación de galiñas campeiras no lugar de Sobreira, parroquia de Boimorto, deste termo municipal.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora pola taxa de subministro de auga artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a D. Ángel Baqueiro Meijide, actuando en representación da entidade Explotación campera de los Huevos de Oro S.C., autorización para conexión provisional á rede de abastecemento de auga da obra de explotación de galiñas campeiras no lugar de Sobreira, parroquia de Boimorto, deste termo municipal, polo período de vixencia da licenza de obras.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

### **3.2.3.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUBMINISTRO DE AUGA 9/2014**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello número 2220, con data 13/10/2014, presentada por D. José Manuel Sesar Varela, DNI núm. 44818479N, con domicilio a efectos de notificación en Lg. Vilar nº 6, Sendelle, 15817 Boimorto, actuando en representación da entidade Ganadería Braxa, S.C con CIF: J70401294, na que solicita a conexión á rede de abastecemento de auga da explotación gandeira sita no lugar de Vilar, parroquia de Sendelle, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia segundo o artigo 42 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación e segundo o apartado 1 do artigo 43 a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No artigo 105 da mesma lei na letra k) di que é infracción grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora pola taxa de subministro de auga artigo nº 5

Advirte a Secretaria que esta explotación conta con licenza provisional pero non con licenza definitiva.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a D. José Manuel Sesar Varela, actuando en representación da entidade Ganadería Braxa, S.C., autorización para conexión á rede de abastecemento de auga para a explotación gandeira sita no lugar de Vilar, parroquia de Sendelle, deste termo municipal.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

#### **4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS**

##### **4.1.- URBANISMO**

Advirte a secretaria interventora sobre a non constancia nos expedientes de comunicación previa sobre a legalidade dos inmobles (construcións) sobre as que realizar obras solicitadas, legalidade por ter licenza ou ben darse o caso de declaración de fora de ordenación pasados os prazos fixados legalmente para a incoación e resolución de expediente de reposición da legalidade urbanística vulnerada, o que leva a advertir que non poderían autorizarse obras novas sobre construcións ilegais que previamente deberían ser obxecto de expediente de reposición da legalidade urbanística sen prexuízo do inicio e resolución no seu caso de expediente sancionador urbanístico.

##### **4.1.1.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004**

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 8 de outubro de 2014 (RE núm. 2200) coas seguintes características:

##### Datos do solicitante

Nome e apelidos:	María Cabanas Vázquez
DNI:	32447019-E
Domicilio:	Lg. Fontao núm. 2 - Brates -15817 Boimorto

##### Datos da obra:

<b>Obxecto:</b>	<b>Substitución do material de cuberta da vivenda.</b>
Situación:	Lg. Fontao núm. 2 - Brates
Referencia catastral:	15010A502000330001KJ
Orzamento de execución:	6.357,60 Euros
Calificación urbanística:	Solo de núcleo rural coa categoría de expansión de núcleo.
Autorización sectoriais:	Resolución do Organismo Augas de Galicia de data 06/10/14 autorizando as obras (exp. nº DH.W15.46241
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de data 13 de outubro de 2014

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras

formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

**SEGUNDO.-** Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra, segundo informe do técnico: 6.357,60 Euros

Liquidación 2%: **127,15 Euros**

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a Dna. María Cabanas Vázquez indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

#### **4.1.2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004**

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 16 de xullo de 2014 (RE núm. 1445) coas seguintes características:

##### Datos do solicitante

Nome e apelidos:	José Cajide García
DNI:	33086947-K
Domicilio:	C. Javier Fonte 1 C P04 A - A Coruña

##### Datos da obra:

Obxecto:	Colocación de tubos na finca nº 313 de Cardeiro para acondicionamento da entada.
Situación:	Lg. Xesteiras nº. 1 - Cardeiro - 15818 Boimorto
Referencia catastral:	15010A501003130001KE
Orzamento de execución:	450 Euros
Calificación urbanística:	Solo rústico de protección forestal
Autorización sectoriais:	Non precisa
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de data 1 de outubro de 2014

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

**SEGUNDO.-** Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 450,00 Euros

Liquidación 2%: **9,00 Euros**

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a D. José García Cajide indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

**4.1.3.- LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 12/2014) PARA CONSTRUCCIÓN DE ALMACÉN AGRÍCOLA PARA APEIROS DE LABRANZA DE USO PROPIO EN CORNEDA (BOIMORTO), TRAMITADA A INSTANCIA DE DÑA. CARMEN CASAL ABAD.**

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obras, tramitado a instancia de Dña. Carmen Casal Abad con DNI 14387306R, con domicilio a efectos de notificacións en R/ Arteagabeitia, 20 - 5º B, Barakaldo, Vizcaya, en virtude da instancia con rexistro de entrada no Concello número 2090 en data 24/09/2014 para o “Proxecto de construción de almacén agrícola para aperos de labranza de uso propio” en Corneda, na parcela número 175 do polígono catastral 10 (Referencia catastral: 15010A010001750000KB) redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Javier López López, colexiado número 1.049, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros técnicos agrícolas co nº 20140834, constando nomeamento de dirección de obra, oficio de dirección de execución de obra e coordinación de seguridade e saúde. A parcela está clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección agropecuaria e está afectada pola liña de policía de augas, si ben, a edificación se sitúa fora da súa area de afección..

Visto o informe favorable de outorgamento de licenza urbanística de obra maior do servizo técnico municipal asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de camiños, canles e portos, con data 29/09/2014.

Visto o informe de Secretaría municipal de data 30/10/2014 e as advertencias que constan no mesmo.

Visto o compromiso por parte da interesada da execución de servizos e de inscrición no Rexistro de Propiedade (artigo 42 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia).

A Xunta de Goberno Local **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra maior a Dña. Carmen Casal Abad con DNI 14387306R (LO 12/2014) para construción de almacén agrícola para aperos de labranza de uso propio na parroquia de Corneda (solo rústico de protección agropecuaria) conforme á solicitude e documentación indicada nos considerandos deste acordo, sendo nomeado director de obra ao enxeñeiro técnico agrícola D. Javier López López, colexiado nº 1.049 e director de execución de obra e coordinador de seguridade e saúde o mesmo técnico.

**SEGUNDO.-** Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

- .- Outórgase a licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais.
- .- As obras a realizar consisten en:

.- Construción dun almacén agrícola de 64 m<sup>2</sup> (8 x 8 m) para a garda de todo tipo de apeiros de labranza, maquinaria de xardín, elementos de xardín, e demais utensilios de mantemento.

A estrutura será de formigón armado, os cerramentos de bloque de formigón enfuscado e pintado e a cuberta a dúas augas a base de prancha metálica cor vermello. A altura máxima é de 5,5 m. Na fachada principal contará cun portalón de acceso de 3 m de ancho e na fachada posterior se colocarán dúas fiestras.

.- As obras deben axustarse ao establecido nos artigos 31 e 68 do PXOM de Boimorto e os artigos 42 e 44 da Lei 2/2010

.- A distancia que debe cumprir a liña de edificación será a regulada no artigo 43.3 do PXOM. .- De conformidade co disposto no artigo 17.3 da RDUG será requisito indispensable nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destina-la construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

.- As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data de outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (art. 197.1 da Lei 9/2002).

.- As condicións contempladas no compromiso de execución dos servizos e de inscrición no rexistro da propiedade presentado pola interesada.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra, segundo informe técnico: 10.782,72 €uros.

Liquidación 2%: **215,65 €**

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a Dna. Carmen Casal Abad indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

**4.1.4.- REMISIÓN A URBANISMO EXPEDIENTE PARA A OBTENCIÓN DE AUTORIZACIÓN AUTONÓMICA PREVIA Á LICENZA DE OBRA EN SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DO PATRIMONIO PARA RESTAURACIÓN DE HÓRREO EN RIBADISO DA MELLA DA PARROQUIA DE BOIMORTO**

Vista a solicitude presentada por Dna. María de los Ángeles Curros Ramos en representación da Fundación Benéfico Docente La Grande Obra de Atocha en data 27/12/2013 con rexistro de entrada 2.548 acompañando de “Proxecto técnico para restauración de hórreo en Ribadizo de Mella, Boimorto”, redactado polo arquitecto Dna María José Mariño Barral, colexiada número 5676 e visado polo colexio oficial de arquitectos de Galicia en data 11/12/2013 co número 1309129.1. (Referencia Catastral: 002200500NH76A0001AE).

Visto o informe técnico asinado por D. Fernando Delgado Juega, xeógrafo-urbanista adscrito ao departamento de planeamento e urbanismo de Cerne Ingeniería, S.A con CIF A-15056468 empresa adxudicataria do contrato para a prestación de servizo de asistencia técnico urbanística ao Concello de Boimorto, informe de data 03/01/2014.

Considerando que o expediente foi sometido a información pública na forma prevista no art. 41.2.b) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia modificada pola Lei 2/2010, de 25 de marzo, por un período de vinte VINTE DÍAS, mediante anuncio no diario “La Voz de Galicia” de data 23/01/2014 e no taboleiro de anuncios do Concello, non se presentando reclamación algunha.

Considerando que polo interesado foi tramitada a solicitude de autorización do Organismo de Augas de Galicia (expediente clave: DH.W15.44449) e incorporado ao expediente resolución de data 28 de febreiro de 2014 do director de Augas de Galicia onde se acorda arquivar o procedemento instado pola Fundación Benéfico Docente “La Grande Obra de Atocha”, con CIF B15021686 á vista do informe da Gardería de Explotación, as actuacións solicitadas atópanse fóra de zona de policía de canles públicos.

Vista a autorización do Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial de data 13/05/2014.

Vista a resolución do xefe do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultural, Educación e O.U da Coruña (expediente nº 271/14) de data 28/04/2014 no que se considera que “*O hórreo que se vai intervir está incluído no catálogo do PXOM coa referencia BO9 e protección ambiental*”.

Tendo en conta o establecido no artigo 41.c) da citada Lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia modificada pola Lei 2/2010, de 25 de marzo, a Xunta de Goberno Local, órgano municipal que ten atribuída a competencia para outorgar a licenza de obras **INFORMA:**

**PRIMEIRO.-** Que as obras que se pretenden realizar sitúanse en solo rústico de protección de patrimonio de conformidade co establecido no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Boimorto.

**SEGUNDO.-** Trátase da restauración dunha edificación de carácter tradicional situada en solo rústico, sendo preciso por tanto a autorización autonómica tal como se recolle no artigo 40 da Lei 9/2002 de 30 de decembro.

**TERCEIRO.-** Por todo o exposto infórmase favorablemente a actuación solicitada e acórdase a remisión de certificación deste acordo xunto con copia do expediente completo á consellería competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo.

## **4.2.- OBRAS SERVIZOS**

### **4.2.1.- LICITACIÓN DA OBRA MELLORA DE CAMIÑOS NAS PARROQUIAS DE ANDABAO, ARCEO E BUAZO. EXPEDIENTE CSPNSP 4/2014**

Visto o expediente de contratación por procedemento negociado sen publicidade tramitado en relación coa obra subvencionada pola Excm. Deputación Provincial da Coruña no “Plan DTC 93 Unha deputación para todos os concellos” para a execución da obra “Mellora de camiños nas parroquias de Andabao, Arceo e Buazo”.

Aprobado o expediente por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 25/09/2014, constando no expediente informe de data 25/09/2014 de Secretaría-Intervención en relación á aplicación orzamentaria municipal para a anualidade 2014 155.63152.

Remitidas invitacións, en cumprimento do disposto no artigo 178 do RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, para a: Construcciones González y González, S.L. CIF: B-15165004; Martínez Montes e Hijos, S.L. CIF: B-15025372 e Antonio Filloy, S.A CIF: A-36016665.

Visto o certificado de presentación de ofertas asinado pola secretaria en data 30/10/2014 que se reproduce literalmente:

<<REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ, SECRETARIA INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

CERTIFICO:

Que en cumprimento do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 25/09/2014 remitidas invitacións para a súa participación no procedemento negociado sen publicidade de contratación da obra “Mellora de camiños nas parroquias de Andabao, Arceo e Buazo” e outorgado un prazo de oito días naturais para a



presentación de ofertas polas tres empresas invitadas na data de hoxe presentanse por rexistro de entrada neste Concello en tempo e forma das empresas:

.- Construcciones González y González, S.L. (con CIF B-15165004) presenta:

Sobre A con entrada nº 2317 en data 22/10/2014

Sobre B con entrada nº 2318 en data 22/10/2014

Sobre C con entrada nº 2319 en data 22/10/2014

.- Martínez Montes e Hijos, S.L. (con CIF B-15025372) presenta:

Sobre A con entrada nº 2338 en data 22/10/2014

Sobre B con entrada nº 2339 en data 22/10/2014

Sobre C con entrada nº 2340 en data 22/10/2014

.- Antonio Filloy, S.A. (con CIF A-36016665) presenta:

Sobre A con entrada nº 2347 en data 22/10/2014

Sobre B con entrada nº 2348 en data 22/10/2014

Sobre C con entrada nº 2349 en data 22/10/2014

E para que conste no expediente expido a presente certificación de orde e co visto e praxe da Alcaldesa

En Boimorto, trinta de outubro de 2014

Vº Prace

A Alcaldesa:

A Secretaria:

Asdo.- Ana Ledo Fernández>>

Non sendo necesario constitución da mesa de contratación, procédese pola secretaria á calificación previa dos documentos presentados en tempo e forma, apertura do sobre “A” das empresas Construcciones González y González, S.L; Martínez Montes e Hijos, S.L e Antonio Filloy, S.A que fai referencia á documentación administrativa.

Continúa a secretaria coa apertura do sobre B das tres empresas e tendo en conta o regulado no prego de cláusulas administrativas particulares así como no artigo 151 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, a Xunta de Goberno Local por unanimidade en exercicio das competencias delegadas en materia de contratación **ACORDA:**

**ÚNICO.-** Remitir aos servizos técnicos municipais os documentos que integran o sobre B: referencias técnicas para que emita o informe técnico de valoración tendo en conta os criterios de adxudicación previstos na cláusula 15 en relación co anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares aplicables a esta contratación.

#### **4.2.2.- LICITACIÓN DA OBRA MELLORA DE CAMIÑOS NAS PARROQUIAS DE BRATES, CARDEIRO, SENDELLE, BOIMORTO, OS ÁNXELES E CORNEDA. EXPEDIENTE CSPNSP 5/2014**

Visto o expediente de contratación por procedemento negociado sen publicidade tramitado en relación coa obra subvencionada pola Excma. Deputación Provincial da Coruña no “Plan DTC 93 Unha deputación para todos os concellos” para a execución da obra “Mellora de camiños nas parroquias de Brates, Cardeiro, Sendelle, Boimorto, Os Ánxeles e Corneda”.

Aprobado o expediente por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 25/09/2014, constando no expediente informe de data 25/09/2014 de Secretaría-Intervención en relación á aplicación orzamentaria municipal para a anualidade 2014 155.63153.

Remitidas invitacións, en cumprimento do disposto no artigo 178 do RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público,

para a: Construcciones González y González, S.L. CIF: B-15165004; Martínez Montes e Hijos, S.L. CIF: B-15025372 e Antonio Filloy, S.A CIF: A-36016665.

Visto o certificado de presentación de ofertas asinado pola secretaria en data 30/10/2014 que se reproduce literalmente:

<<REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ, SECRETARIA INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

CERTIFICO:

Que en cumprimento do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 25/09/2014 remitidas invitacións para a súa participación no procedemento negociado sen publicidade de contratación da obra “Mellora de camiños nas parroquias de Brates, Cardeiro, Sendelle, Boimorto, Os Ánxeles e Corneda” e outorgado un prazo de oito días naturais para a presentación de ofertas polas tres empresas invitadas na data de hoxe presentanse por rexistro de entrada neste Concello en tempo e forma das empresas:

.- Construcciones González y González, S.L. (con CIF B-15165004) presenta:

Sobre A con entrada nº 2314 en data 22/10/2014

Sobre B con entrada nº 2315 en data 22/10/2014

Sobre C con entrada nº 2316 en data 22/10/2014

.- Martínez Montes e Hijos, S.L. (con CIF B-15025372) presenta:

Sobre A con entrada nº 2341 en data 22/10/2014

Sobre B con entrada nº 2342 en data 22/10/2014

Sobre C con entrada nº 2343 en data 22/10/2014

.- Antonio Filloy, S.A. (con CIF A-36016665) presenta:

Sobre A con entrada nº 2344 en data 22/10/2014

Sobre B con entrada nº 2345 en data 22/10/2014

Sobre C con entrada nº 2346 en data 22/10/2014

E para que conste no expediente expido a presente certificación de orde e co visto e prace da Alcaldesa

En Boimorto, trinta de outubro de 2014

Vº Prace  
A Alcaldesa:

A Secretaria:

Asdo.- Ana Ledo Fernández>>>

Non sendo necesario constitución da mesa de contratación, procédese pola secretaria á calificación previa dos documentos presentados en tempo e forma, apertura do sobre “A” das empresas Construcciones González y González, S.L; Martínez Montes e Hijos, S.L e Antonio Filloy, S.A que fai referencia á documentación administrativa.

Continúa a secretaria coa apertura do sobre B das tres empresas e tendo en conta o regulado no prego de cláusulas administrativas particulares así como no artigo 151 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, a Xunta de Goberno Local por unanimidade en exercicio das competencias delegadas en materia de contratación **ACORDA:**

**ÚNICO.-** Remitir aos servizos técnicos municipais os documentos que integran o sobre B: referencias técnicas para que emita o informe técnico de valoración tendo en conta os criterios de adxudicación previstos na cláusula 15 en relación co anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares aplicables a esta contratación.

#### **4.2.3.- APROBACIÓN PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE “TRATAMENTO DE PLAGAS E LEGIONELLA NOS CENTROS DO CONCELLO DE BOIMORTO”**

Examinado o expediente de contratación do servizo de “Tratamento de plagas e legionella nos centros do Concello de Boimorto” e de cantos antecedentes, informes e documentos constan no mesmo.

Visto que en data 28 de outubro de 2013, subscribeuse contrato de servizo de tratamento de plagas e legionella nos centros do Concello de Boimorto, coa empresa “Control de Plagas Andrade, S.L.”, en cúa cláusula terceira se establece que: “A duración do contrato será de UN ANO, a contar dende o día da sinatura do contrato, sen que a duración total do mesmo incluídas as prórrogas poida exceder de catro anos”.

Considerando necesario seguir contando con dito servizo, e tendo en conta o artigo 23 do texto refundido da Lei de contratos do sector público que se transcribe a continuación:

##### **<<Artículo 23 Plazo de duración de los contratos**

*1. Sin perjuicio de las normas especiales aplicables a determinados contratos, la duración de los contratos del sector público deberá establecerse teniendo en cuenta la naturaleza de las prestaciones, las características de su financiación y la necesidad de someter periódicamente a concurrencia la realización de las mismas.*

*2. El contrato podrá prever una o varias prórrogas siempre que sus características permanezcan inalterables durante el período de duración de éstas y que la concurrencia para su adjudicación haya sido realizada teniendo en cuenta la duración máxima del contrato, incluidos los periodos de prórroga.*

*La prórroga se acordará por el órgano de contratación y será obligatoria para el empresario, salvo que el contrato expresamente prevea lo contrario, sin que pueda producirse por el consentimiento tácito de las partes.*

*3. Los contratos menores definidos en el artículo 138.3 no podrán tener una duración superior a un año ni ser objeto de prórroga.>>*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDA**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a prórroga anual do contrato de servizo de “Tratamento de plagas e legionella nos centros do Concello de Boimorto”, coa empresa “Control de Plagas Andrade, S.L.” CIF: B-15989692, con efectos desde o 28 de outubro de 2014 ao 28 de outubro de 2015 coas mesmas condicións do contrato inicial.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo ao contratista indicando o réxime de recursos así como documentar dita prórroga para a súa formalización expresa de mutuo acordo por ambas partes.

#### **5.- ASUNTOS ECONÓMICOS**

##### **5.1.- APROBACIÓN DE FACTURAS**

A Xunta de Goberno Local en exercicio de competencia delegada pola Alcaldía Presidencia por unanimidade **ACORDOU:**

**ÚNICO.-** Aprobar as seguintes facturas:

Nº Factura / Data	Titular NIF/CIF	Descrición	Importe
09/14-02/10/14	Multiservicios Cempés / 78787497P	Copia chave de contacto vehículo brigada incendios	5,50 €
08/14-29/09/14		Copia chave planta baixa do concello curso fotografía	1,50 €
10/14-02/10/14		Copia chave planta baixa do concello curso de inglés	1,50 €
A-V2014-00002845397 11/10/2014	Mercadona, S.A. / A-46103834	Produtos de hixiene persoal para residencia e centro de día	38,90 €
2714200039-15/10/14	Interparking Hispania,	Aparcamiento en Choupana levar	

2714200029-15/07/14	S.A. Vías y Construcciones, S.A. / ESU83458570	usuarios da residencia a consulta médica no hospital setembro 2014 Aparcamiento en Choupana levar usuarios da residencia a consulta médica no hospital xuño 2014	8,16 €  22,45 €
Liquidación núm. Fixo 2014/10280	Deputación da Coruña	Publicación anuncio urxente nº 2014/10280 BOP: 186/30-09-14	157,06 €
4-02/09/14  8-13/10/14	María García Liñeira / 76517938-C	Comidas dos empregados municipais que traballaron pola tarde na finca do Festival de la Luz 2014 Dúas empanadas e tres tortillas excursión á Ribeira Sacra	54,00 €  76,00 €
303SAN-29/09/14	Federación Galega de Atletismo / G- 15103500	Control técnico/organización da VIII Carreira Pedestre celebrada o 27/09/14	700,40 €
3120194443-30/09/14 □	Serunion, S.A.U. / A59376574	Servizo alimentación residencia e centro de día setembro 2014	5.206,39 €
5/01407762-25/08/14  5/01407761-25/08/14  5/01408623-25/09/14  5/01408622-25/09/14	Nea F3 Ibérica, S.L.U. / B-15361348 □	Mantemento fotocopiadora cor da residencia □BH C353 período 18/07/14-18/08/14 Mantemento fotocopiadora cor das oficinas municipais C364e período 23/07/14-23/08/14 Mantemento fotocopiadora cor da residencia BH C353 período 18/08/14-18/09/14 Mantemento fotocopiadora cor das oficinas municipais C364e período 23/08/14-23/09/14	21,11 €  90,82 €  40,81 €  222,16 €
40-26/09/14	María Teresa López Alonso / 76624257-X	Podoloxía na residencia e servizos externos setembro/14	420,00 €
492-30/10/14 489-30/10/14  493-30/10/14 490-30/10/14  491-30/10/14	José Manuel Vereá Castelo / 33245534-T	Sulfatadora Inter-16 brigada de incendios Dous focos monte brigada incendios Material para o concello Dous paquetes pilas oficinas do concello Material de mantemento	71,39 €  37,20 € 3,87 €  4,36 € 26,14 €
0220/S14-26/09/14 □	Talleres San Fins, S.L. / B15432453	Reparación furgoneta Servizos sociais matrícula 9114FDM	103,49 €
0043324-30/09/14	Fernando J. Sánchez García / 76505509-B	Material Festival de la Luz 2014	38,24 €
919465-01/10/14	Ferretería Noguero, S.L. / B-15970510	Malla ocultación para Festival de la Luz 2014	206,43 €
FV/5152-30/09/14	Comercial Maquinaria F3, S.L. / B-15359185	Aluguer vallas Festival de la Luz 2014. Adx. Contrato menor Decreto 342/2014	7.395,02 €

FV/5524-13/10/14		Ampliación subministración por alquiler vallas Festival de la Luz 2014	235,95 €
3341866116-22/09/14	Schindler, S.A. / A-50001726	Mantemento ascensores xullo/2014	245,63 €
3341866117-22/09/14		Mantemento ascensores agosto/2014	245,63 €
3341866118-22/09/14		Mantemento ascensores Setembro/2014	245,63 €
3341870530-01/10/14		Mantemento ascensores outubro/2014	245,63 €
103.354-29/10/14	Recambios Santiagueses, S.L. / B-15214349	Material para desbrozadora brigada de incendios	52,64 €
103.353-29/10/14		Material brigada incendios	52,64 €
102.588-30/09/14		Repuestos para o autobús	135,39 €
102.590-30/09/14		Repuestos para o vehículo matrícula 5005 HHBX	174,40 €
102.589-30/09/14		Avisador freno para o autobús	30,08 €
103.115-15/10/14		Filtro Iveco vehículo matrícula 5005 HHB	22,28 €
103.118-15/10/14		Repuestos camión pequeno de recollida de lixo	93,35 €
103.117-15/10/14		Xogo pastillas de freno vehículo matrícula 5002 HHB	77,08 €
103.116-15/10/14		Abono filtro IVECO OC582	-18,88 €
2900214557-02/09/14	Labaqua S.A. / A-03637899	Control de calidade de auga mes de agosto/14	464,26 €
2900216191-26/09/14		Reactivos para control de cloro en abastecemento de auga	185,07 €
942-30/09/14	Oscar Vidal García / 79335867-N	Reparación mando trator	87,12 €
937-30/09/14		Reparación camión de recollida de lixo C6849BE	57,75 €
938-30/09/14		Accesorios e reparación cabestante vehículo protección civil	80,55 €
940-30/09/14		Tapa de motor de bomba da piscina municipal	33,72 €
939-30/09/14		Electroválvula para riego campo de fútbol	115,23 €
201401013045-23/09/14	Fundosa Accesibilidad S.A. / A-79707295	Material aula estimulación da residencia e centro de día	36,38 €
0196-13/10/14	M <sup>a</sup> . Obdulia López López / 33208229-R	Vales torneo de tenis	100,00 €
0194-13/10/14		Trofeo torneo fútbol 5	9,00 €
0195-13/10/14		Trofeos carreira pedestre 2014	392,75 €
150214FS0050320-28/10/14	Supervisión y Control, S.A. / A-15117609	Inspec. Periódica obrigatoria do camión grúa matrícula 6064GMR	59,64 €
14/8009-10/09/14	Peycar Pontevedra, S.L. / B36112043	Linternas brigada incendios	363,00 €
14/8343-25/09/14		Abono linternas brigada incendios	-242,00 €
18/2014-29/10/14	José Mellid Vázquez / 78787335-F	Aluguer de maquinaria para labores de prevención de incendios forestais.Sub. Xunta	

		Brigada de Incendios	6.000,00 €
58636-22/09/14	Río Blanco, SL / B-15424047	Hipoclorito sódico para o depósito de Boimil. Albarán nº 68848 de 22/09/14	283,14 €
A/469-20/09/14	Suministros Industriales Cire, S.L. / B15342652	Conos sinalización para o Festival de la Luz 2014	127,05 €
001942-25/09/14	Control de Plagas Andrade, S.L. / B-15989692	Servizos bimestrais de control de plagas e legionella no mes de setembro/14 nos edificios municipais	686,83 €
140292-02/10/14	Farmacia Mª José Vázquez Freire / 33277749S	Medicamentos para a residencia e centro de día adquirido en setembro/14	7,90 €
140234-07/08/14 □		Medicamentos para a residencia e centro de día adquirido en xullo/14	15,85 €
OFFV14/3056-31/08/14	Ofireyco, S.L. / B15342702	Material de oficina para a residencia e centro de día	17,67 €
B 824-15/09/14	Jobegosum, S.L. / B70058268	Material médico para a residencia e centro de día	97,35 €
0102/14-30/09/14	Eze Mosquera Events, S.L. / B70351341	Cronometraxe carreira pedestre 2014	100,67 €
AM/29479-30/09/14	Torneiro □Maquicoruña, S.A. / A15943863	Aluguer material para Festival de la Luz 2014. □Adx. Contrato menor Decreto 333/2014	1.269,90 €
0014128132-30/09/14	Algeco Construcciones Modulares, S.A. / A-28871192	Aluguer material para Festival de la Luz 2014. Adx. Contrato menor acordo XGL 26/06/14	16.110,85 €
0014128131-30/09/14		Aluguer material para Festival de la Luz 2014. Adx. Contrato menor Decreto 319/2014	1.530,66 €
1-11048590-27/10/14	Manuel Castro Gómez / 33215547M	Confección nóminas e seguros mes de outubro 2014	1.173,22 €
1-11048231-26/09/14		Confección nóminas e seguros mes de setembro 2014	780,09 €
29/2014/C-25/10/14	Celtia Figueiras Rama / 44849221-A	Execución da obra “O Murmuro do Mar” o día 25/10/14 dentro do Circuito Cultural Ler Conta Moito	128,57 €
97/14-29/10/14	Cerne Ingeniería S.A. A-15056468	Asistencia técnico-urbanística mes de outubro de 2014	2.000,00 €
AR336047-15/10/14	ABM-REXEL, S.L.U. / B-28262822	Material alumado público	114,71 €
AR336048-15/10/14		Fotocélula para a residencia	42,35 €
AR335508-09/10/14		Material para o albergue	54,45 €
AR335506-09/10/14		Material alumado público	246,54 €
AR335507-09/10/14		Material para o PAI	35,72 €
14/402-15/10/14	Remuiño Servicios XXI, S.L. / B-15873193	Tóner orixinal HP Q6000A	357,25 €
72-15/09/14	Mª. Lourdes Vázquez Lodeiro / 76514886-G	Comidas para o Festival de la Luz 2014	1.042,25 €
002678-29/09/14	J.M. Josmer, S.L. / B-	Careta desbrozadora brigada de	

002582-14/05/14	15542988	incendios	8,00 €
002555-21/04/14		Material sembra de millo Festival de la Luz	166,87 €
002639-11/07/14		Material reparación sumideiros en Canto do Balo	18,51 €
		Cemento para colocar señal Albergue	3,70 €
0000734-01/10/14	Enfoque Soluciones TI SL / B-47602651	Mantemento aplicación Geriges mes outubro 2014	59,29 €
06B/102-30/09/14	Coregal Parques e Xardíns S.L. / B15731797	Mantemento zonas verdes setembro 2014 □	1.990,00 €
FRO20144670741-30/10/14	Soc. Est. Correos y Telégrafos, S.L. / ESA-83052407	Impreso sen dirección postal boletín informativo nº 85 novembro 2014	52,50 €
4001409325-30/09/14 □		Franqueo pagado mes de setembro 2014	204,63 €
Recibo	Willis Galicia Correduría de Seguros, S.A. / A36824845	Póliza nº. 0551480413189 Seguro de accidentes colectivos. Voluntarios Festival de la Luz 2014. Período: 13.09.14/16.09.14	275,00 €
Recibo		Póliza nº. 0551480411878 Seguro de accidentes colectivos. PAI. Período: 09.04.14/31.12.14	171,30 €
14/0000173-24/09/14	Xardín Senra, S.L. / B15600380	Rexenaración de drenaxe en campo de fútbol	3.025,00 €
D- 1164-30/10/14	Juan López Sánchez 34258362T	Gasóleo automoción brigada incendios □	1.340,96 €
768-27/10/14		Gasolina brigada incendios	135,00 €
692-30/09/14		Gasolina brigada incendios	212,00 €
D-1092-15/10/14		Gasóleo calefacción residencia e centro de día	2.054,25 €
D- 1105-17/10/14		Gasóleo calefacción albergue	750,06 €
D- 1021-26/09/14		Gasóleo automoción	3.050,00 €
767-30/09/14		Gasóleo automoción para o vehículo matrícula 9114FDM	20,00 €
10-09/10/14	Mercedes Seijas Barreiro / 76517970-Y	Servizo perruquería centro residencial xuño/14	47,96 €
11-09/10/14		Servizo perruquería centro residencial xullo/14	63,96 €
12-09/10/14		Servizo perruquería centro residencial agosto/14	51,96 €
13-09/10/14		Servizo perruquería centro residencial setembro/14	46,96 €
VS 2014/10404-16/10/2014	Mugatra Sociedad de Prevención S.L.U. / B70055504	Servizo de Prevención - Disciplina de vixilancia da saúde persoal brigada de incendios	483,21 €
20140439-03/10/14	Comp. Sist. Inf y Electrónicos Coruña, S.L. / B15946916	Portátiles Motorola Brigada de Incendios	1.887,60 €
A/29751-10/10/14	Suministros Médicos Vigueses Uno, SL /	Material médico para a residencia e centro de día de Boimorto	136,43 €

	B36797637		
2014/2477-30/09/14	Sociedade Galega de Medio Ambiente A-15379803	Tratamento RU mes de setembro 2014	5.502,61 €
54/13-30/09/14	Maderas Jesús García Rodríguez / Y-33258650	Madeira para Festival de la Luz 2014 sinalización aparcamento	1.700,05 €
14/2455-08/10/14	Comercial Boimil S.L.L. / B-15751555	Postes de madeira de pino para colocación papeleiras Festival de la Luz 2014	44,43 €
F041/14-20/10/14	Construcciones González y González, S.L. / B15165004	Realización da obra reparación saneamento na Gándara. Adx. Contrato menor XGL 25/09/14	7.323,55 €
F040/14-15/10/14		Realización da obra Mejoras en las redes de abastecimiento y saneamiento del Concello de Boimorto. Adx. Contrato menor acordo XGL 28/08/14	43.435,02 €
27-26/06/14	Ángeles Iñiguez Casal / 76517968-G	Tres bolas de Bacon e nove barras de pan para festa fin actividades nenos	44,10 €
28-11/09/14		Bocadillos para traballadores Festival de la Luz 2014	79,10 €
29-05/09/14		Comida para carpinteiro colaborador no Festival de la Luz 2014	9,00 €
26-21/08/14		Catro bolos de pan comida en Andabao con Luz Casal	8,50 €
20140235-24/09/14	Sycigal, S.L. / B15992100	Aluguer extintores Festival de la Luz 2014 Adx. Contrato menor Decreto 343/14	261,36 €
20140249-24/09/14		Ampliación aluguer de extintores Festival de la Luz	48,40 €
20140253-24/09/14		Cota anual 2014 mantemento extintores edificios municipais	1.428,20 €
001 2014-30/06/14	O Espertar Servizos Sociais SL / B70253042	Prestación servizos DUE Residencia e Centro de día uns días no mes de xuño de 2014	472,50 €
22-B-20/10/14	María Lourdes Vereá Seoane / 76510236T	Material colexio	235,56 €
22-LL-20/10/14		Material manualidades	18,95 €
22-L-20/10/14		Material para o concello	7,35 €
22-K-20/10/14		Material para deportes	9,70 €
22-J-20/10/14		Material para o PAI	22,60 €
22-I-20/10/14		Material de mantemento taller	18,44 €
22-H-20/10/14		Material para a piscina	55,80 €
22-G-20/10/14		Material para o albergue	20,85 €
22-F-20/10/14		Material para centro de saúde	5,70 €
22-E-20/10/14		Material para o polideportivo	21,80 €
22-D-20/10/14		Material servizo de augas	239,19 €
22-C-20/10/14		Material para a residencia	64,50 €
22-A-20/10/14	Material Festival de la Luz	415,82 €	
28-J480-784676 01/10/14	Telefónica Móviles España, S.A. / A-	Recibo teléfonos móbiles período 18/08/14 a 17/09/14	192,85 €



	78923125		
TA4S80323821	Telefónica de España, S.A. / A-82018474	Recibo teléfono servizos sociais	98,92 €
TA4S80323826		Recibo teléfono centro social municipal de maiores	95,73 €
TA4S80323820		Recibo teléfono xulgado de paz	28,09 €
TA4S80323823		Recibo teléfono ascensor concello	
TA4S80323824		Recibo teléfono oficinas Concello	17,51 €
TA4S80323822		Recibo teléfono PAI	447,92 €
TA4S80323828		Recibo teléfono residencia	29,46 €
TA4S80323827		Recibo teléfono ascensor residencia	79,73 €
TA4S80323825		Recibo teléfono fax	17,40 €
19/10/2014			

## **5.2.- SOLICITUDES SERVICIO DE PODOLOXÍA**

Visto informe de servizos sociais que se transcribe literalmente:

### **<<INFORME SOCIAL**

**INSTITUCIÓN:** Concello de Boimorto. Servizos sociais

**INFORME EMITIDO POR:** María Esther Vidal Pandelo

**DATA DO INFORME:** 30/10/2014

**DIRIXIDO A:** XUNTA DE GOBERNO LOCAL

*Visto o acordo municipal nº 15 art. 5 de prezo público por servizo de fisioterapia e podoloxía e vistas as solicitudes presentadas en tempo e forma, propónse á Xunta de Goberno Local que sexan beneficiarios do servizo de fisioterapia as seguintes persoas segundo a valoración técnica que se sinala:*

### **1.- BOADO GARCÍA RAMIRO - PODOLOXÍA**

#### **VALORACIÓN TÉCNICA**

- a) Consta informe médico que acredita necesidade
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

### **2.- SÁNCHEZ MILLARES JOSÉ - PODOLOXÍA**

#### **VALORACIÓN TÉCNICA**

- a) Consta informe médico que acredita necesidade
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

*Esta é a proposta que salvo erro ou omisión involuntaria elevo como traballadora social do concello para que a Xunta do Goberno Local resolva o que se estime oportuno.>>*

En aplicación dos artigos 5 e 6 do acordo municipal regulador do funcionamento e prezos públicos polos servizos de fisioterapia e podoloxía no centro de maiores a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar e incluír na lista de admitidos para ser usuarios do servizo de podoloxía a Ramiro Boado García e José Sánchez Millares.

**SEGUNDO.-** Notificar aos beneficiarios deste servizo que teñen a súa disposición nas oficinas municipais os tickets que deberá adquirir e presentar ante a persoa que presta o servizo e terán unha validez para o mes de outubro, novembro e decembro do 2014. Sen a presentación de dito ticket acreditativo do pago do servizo público non será atendida polo servizo de podoloxía.

**5.3.- MODIFICACIÓNS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO PRESENTE MES DE OUTUBRO 2014: ALTA E INCREMENTO DE HORAS USUARIOS LIBRE CONCURRENCIA.**

Pola secretaria dáse conta do informe emitido pola traballadora social do Concello de Boimorto e responsable do servizo de axuda a domicilio, María Esther Vidal Pandelo, de data 30/10/2014, en relación coas modificacións producidas no referido servizo no período comprendido dende o 26/09/2014 ao 30/10/2014 e que se transcribe o texto literalmente:

<<María Esther Vidal Pandelo, traballadora social dos servizos sociais de atención primaria do Concello de Boimorto, número de colexiada 1397

INFORMO:

1.- Que con data do 2 de outubro de 2014 deuse de alta no servizo de axuda no fogar a través de libre concurrencia, e por ser unha situación de urxente necesidade, Jesús Tojo Tojo adxudicándoselle 2 horas semanais, alta resolta mediante decreto da alcaldía nº 400 do 2 de outubro de 2014, cunha puntuación de 43 puntos.

2.- Que Dna Carmen Varela Bravo tiña concedidas 2 horas semanais do servizo de axuda no fogar de libre concurrencia. Con data 2 de maio de 2014 solicita un aumento de horas xa que o seu estado de saúde empeorou, que unha vez valorada acadou unha puntuación de 42 de puntos, figurando de primeiro lugar na lista de espera. Que a través da Lei de dependencia se lle solicitou unha nova valoración de grao acadando un grao III con 93 puntos. Como a través da lei de dependencia non temos horas dispoñibles aumentámoslle 3 horas máis do servizo de axuda no fogar a través de libre concurrencia pasando a ser beneficiaria, dende o 1 de outubro, de 5 horas semanais de servizo a través de libre concurrencia e permanece en lista de espera do SIGAD para ser atendida a través de dependencia.

3.- Que con este aumento de horas á usuaria Dna Carmen Varela Bravo quedaría cuberto o servizo polo tanto causa baixa na lista de espera de libre concurrencia.

4.- Que a lista de usuarios do servizo de axuda no fogar de libre concurrencia queda tal como segue unha contemplado esta puntuación:

CRITERIOS DE VALORACIÓN					
USUARIOS DE SAF LIBRE CONCURRENCIA	Autonomía a persoal	Apoio social	Situación familiar/ socialización de menores	Outros aspectos sociais	Total puntuación
Jesús Tojo Tojo Lg. Fontiñas (As), 2 , Andabao, Boimorto	32 puntos	6 puntos	0 puntos	5 puntos	43 puntos
María Segade Mella R) Camiño de Cheda, Boimorto	24 puntos	15 puntos	0 puntos	3 puntos	42 puntos
Carmen Varela Bravo :g. Gárdoma, Boimil, Boimorto	38 puntos	3 puntos	0 puntos	1 puntos	42 puntos

Dolores Seoane Seoane Lg Arosa, Arceo, Boimorto	34 puntos	6 puntos	0 puntos	5 puntos	35 puntos
Antonio Gómez León Lg Quiñoy- Rodieiros, Boimorto	10 puntos	18 puntos	0 puntos	4 puntos	32 puntos
Engracia Vázquez Vázquez Lg Vilar, Sendelle, Boimorto	24 puntos	3 puntos	0 puntos	4 puntos	31 puntos
Benigno López Vázquez Lg Viladóniga, Boimorto	10 puntos	18 puntos	0 puntos	0 puntos	28 puntos
Faustino Rico Rey Lg Outeiro, Boimorto	20 puntos	3 puntos	0 puntos	0 puntos	23 puntos
Mercedes Labandeira García Lg Barral, Brates, Boimorto	10 puntos	6 puntos	0 puntos	5 puntos	21 puntos
Flora Mato Lorenzo Lg Piñeiro, Sendelle, Boimorto	10 puntos	6 puntos	0 puntos	5 puntos	21 puntos
Mª Josefa Mejuto Taboada Lg Arentía, Andabao, Boimorto	10 puntos	6 puntos	0 puntos	4 puntos	20 puntos
Guillermo Otero Casal Lg Campo da Lanza, Os Anxeles, Boimorto	10 puntos	5 puntos	0 puntos	4 puntos	19 puntos
Concepción Peteiro Balado Lg Aquelavila, Buazo, Boimorto	10 puntos	3 puntos	0 puntos	5 puntos	18 puntos
Gumersinda Castro Souto Lg Outeiro, Boimorto	5 puntos	9 puntos	0 puntos	4 puntos	18 puntos
Josefa García Lodeiro r) Castro, Corredoiras, Os Anxeles, Boimorto	10 puntos	6 puntos	0 puntos	1 puntos	17 puntos
Mª del Carmen Rúa Rodríguez Lg Outeiro, Corneda, Boimorto	5 puntos	3 puntos	0 puntos	4 puntos	12 puntos
Emilio Somoza Segade Lg Corredoiras, Os Anxeles, Boimorto	5 puntos	6 puntos	0 puntos	1 puntos	12 puntos
Mercedes Ramos Castro Rúa Gándara, Boimorto	5 puntos	6 puntos	0 puntos	0 puntos	11 puntos
Mª Remedios Castro Novo Lg Lobomorto, Arceo, Boimorto	0 puntos	5 puntos	0 puntos	6 puntos	11 puntos
Ramona García Piñeiro Lg Torre, Andabao, Boimorto	5 puntos	3 puntos	0 puntos	1 puntos	9 puntos
Teresa Agra Pampín Rúa Gándara	5 puntos	0 puntos	0 puntos	0 puntos	5 puntos

5.- Tendo en conta o informado no punto tres na última lista de espera do servizo de axuda no fogar de libre concorrencia aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 28/08/2014, a lista de espra quedaría do seguinte xeito:

- 1º.- Antonio Gómez León, 32 puntos.
- 2º.- Benigno López Vázquez, 28 puntos.
- 3º.- Elisa María Bao Castro, 21 puntos.
- 4º.- Dolores Nouche Botana, 19 puntos.
- 5º.- Ángela Sueiro Rodríguez, 16 puntos.
- 6º.- María Mato Méndez, 14 puntos.
- 7º.- Concepción Graña Sánchez, 13 puntos.
- 8º.- Dorinda Remeseiro Vigo, 10 puntos.

Boimorto, 30 de outubro de 2014  
A traballadora social

Asdo.- María Esther Vidal Pandelo>>>

Os membros da Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Darse por informados dos cambios producidos ata o día 30 do presente mes de outubro no servizo de axuda a domicilio.

**SEGUNDO.-** Aprobar a lista de usuarios que se lles está prestando o servizo de axuda a domicilio de libre concorrencia e a lista de espera mencionada nos considerandos deste acordo.

**TERCEIRO.-** Deixar constancia que dende a última aprobación da lista de usuarios de atención de dependencia aprobada na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada en data 31/07/2014 non se produciron modificacións.

**CUARTO.-** Facer pública a seguinte lista de espera no servizo de axuda a domicilio de libre concorrencia no taboleiro de anuncios do Concello, ordenada por puntuación obtida na valoración da solicitude:

- 1º.- Antonio Gómez León, 32 puntos.
- 2º.- Benigno López Vázquez, 28 puntos.
- 3º.- Elisa María Bao Castro, 21 puntos.
- 4º.- Dolores Nouche Botana, 19 puntos.
- 5º.- Ángela Sueiro Rodríguez, 16 puntos.
- 6º.- María Mato Méndez, 14 puntos.
- 7º.- Concepción Graña Sánchez, 13 puntos.
- 8º.- Dorinda Remeseiro Vigo, 10 puntos.

#### **5.4.-BAIXAS NO PROGRAMA DE ALIMENTOS**

Pola secretaria dáse conta do informe emitido pola traballadora social do Concello de Boimorto e responsable do programa de alimentos, María Esther Vidal Pandelo, de data 26/10/2014, en relación coas baixas producidas no referido servizo e que se transcribe o texto literalmente:

<<María Esther Vidal Pandelo, traballadora social dos servizos sociais de atención primaria do Concello de Boimorto, número de colexiada 1397

INFORMO:

Que os seguintes perceptores do programa de alimentos causan baixa no mesmo:

- Josefina Fidalgo Ares por mudar a súa capacidade económica e superar o límite de recursos per cápita esixido no regulamento municipal de alimentos en vigor.
- Marina Da Concenciaio por residir real e efectivamente noutro termo municipal.
- M<sup>a</sup> Teresa Taboada Iglesias por residir real e efectivamente noutro termo municipal.
- Virtudes Ramos Aguión, causa baixa no programa de maneira voluntaria xa que non quere recibir máis alimentos a pesar de cumprir cos requisitos establecidos no regulamento municipal.

Para que conste donde conveña,

Boimorto, 26 de outubro de 2014  
A traballadora social

Asdo.- María Esther Vidal Pandelo>>

Os membros da Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Darse de baixa da lista do programa de alimentos a:

Josefina Fidalgo Ares

Marina Da Concenciaio

M<sup>a</sup> Teresa Taboada Iglesias

Virtudes Ramos Aguión

Polos motivos expostos no informe da traballadora social anteriormente transcrito.

## **5.5.-CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN O XI CERTAME DE CANTARES DE REIS**

En aplicación do disposto no acordo municipal regulador dos prezos públicos por actividades, servizos culturais, deportivos e análogos no Concello de Boimorto, publicado no BOP de data 10/11/2009, con modificación publicada en BOP en data 11/05/2010.

Vistas as bases para que rexerán o XI Certame de Cantares de Reis redactadas en data 30/10/2014 pola animadora sociocultural e a normalizadora lingüística e que a continuación se reproducen literalmente:

### **<<BASES QUE REXERÁN O XI CERTAME DE CANTARES DE REIS DO CONCELLO DE BOIMORTO**

O Concello de Boimorto convoca o XI Certame de Cantares de Reis, que se celebrará o día 3 de xaneiro de 2014, para todos os que queiran mostrar o seu talento creativo co obxectivo de chamar a atención sobre a tradición dos Cantares de Reis, baixo as seguintes bases:

#### 1. Concepto

O Certame é unha mostra onde o bo facer de cada un, a harmonía e o empeño común de manter viva a nosa tradición será o agasallo e mellor premio. O Concello de Boimorto busca que este certame sexa a casa común dos que tentamos manter viva e legar ós nosos descendentes unha tradición tan nosa.

#### 2. Participantes

Poderán participar cuadrillas de nenos/as, mozos/as ou vellos/as que se inscriban no Concello de Boimorto antes do 27 de decembro de 2014. A solicitude da inscrición deberá estar a nome dunha persoa maior de idade.

*Enderezo:*

Concello de Boimorto,  
R/ Vilanova 1, Boimorto.  
15817 A Coruña  
Teléfono: 981.516.020 Fax: 981.516.045  
[silvia.cea@boimorto.es](mailto:silvia.cea@boimorto.es)

#### 3. Xantar de irmandade

Os integrantes das cuadrillas inscritas no Certame serán convidados o xantar que se celebrará ás 14:30 horas o mesmo día do Certame.

#### 4. Desenvolvemento do Certame

Ás 16:30h. dará comezo o XI Certame onde cada cuadrilla participante deberá interpretar un cantar de reis, unha manuela ou un aninovo, cunha duración non superior a cinco minutos.

A orde de intervención das cuadrillas será consensuada coas mesmas.

Boimorto 30 de outubro de 2014

A normalizadora lingüística

\_\_\_\_\_ A animadora sociocultural

Asdo.- Sylvia Cea Vázquez

Asdo.- Yolanda Barreiro Garea>>

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Convocar e aprobar as bases que rexerán o XI Certame de Cantares de Reis redactadas pola animadora sociocultural e a normalizadora lingüística tal e como quedan reproducidas neste acordo.

**SEGUNDO.-** Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos.

## **5.6.-CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES PARA ESTABLECER OS PREZOS PÚBLICOS DE CURSOS NO CONCELLO DE BOIMORTO 2014-2015.**

En aplicación do disposto no acordo municipal regulador dos prezos públicos por actividades, servizos culturais, deportivos e análogos no Concello de Boimorto, publicado no BOP de data 10/11/2009, con modificación publicada en BOP en data 11/05/2010.

Vistas as bases para convocatoria e establecemento dos prezos públicos con motivo dos cursos redactadas en data 30/10/2014 pola normalizadora lingüística e a animadora sociocultural e que a continuación se reproducen literalmente:

### **<<BASES PARA O ESTABLECIMENTO DOS PREZOS PÚBLICOS DE CURSOS NO CONCELLO DE BOIMORTO 2014-2015**

1.- Obxeto.

O obxecto destas bases é o establecemento de prezos públicos para as seguintes actividades que serán realizadas neste Concello durante os anos 2014-2015:

**Os cursos non teñen data de remate, haberá curso sempre que haxa demanda do mesmo.**

#### **XOVES**

**Curso de cociña no local social dos Ánxeles .** A partir de 16 anos.

**Características:** no local social dos Ánxeles. Material incluído.

**Frecuencia:** 2 hora/semana 20:00 - 22:00

**Prezo:** 16€/mes. Pode variar se aumentase o número de participantes.

#### **XOVES**

**Curso de tapicería, bricolaxe e restauración:** A partir de 16 anos.

**Características:** no local social de maiores de Boimorto. Material non incluído.

**Frecuencia:** 2 hora/semana 20:00 - 22:00

**Prezo:** 22€/mes

**Data fin inscrición actividades:** mantemos aberto o prazo de inscrición por se facemos grupo ata finais de ano.

Estes cursos comezarán a partir do 15 de novembro, pagando, neste mes de comezo, a metade do prezo establecido.

2.- Obrigados ao pagamento.

Están obrigados ao pagamento os que sexan beneficiarios dos servizo/s e actividades culturais e deportivas organizadas por este Concello.

3.- Contía mensual

**Curso de cociña**

**16€/participante**

**Curso de tapicería, bricolaxe e restauración**

**22€/participante**

4.- Bonificacións e exencións

Non están previstas bonificacións nin exencións para estas actividades.

5.- Obriga de pagamento

A obriga de pagamento do/s prezo/s públicos, regulados no acordo municipal regulador dos prezos públicos por actividades, servizos culturais, deportivos e análogos no Concello de Boimorto, nace dende que se inicie a prestación dos servizos ou actividades especificados no artigo 3, mediante a solicitude de participación nos cursos e actividades nese artigo sinalados.

O pago dos prezos das distintas actividades mensuais efectuarase entre o día 1 e día 5 de cada mes ó monitor que imparta a actividade.

Boimorto, 30 de outubro de 2014

A normalizadora lingüística  
Asdo.- Sylvia Cea Vázquez

A animadora sociocultural  
Asdo.-Yolanda Barreiro Garea>>

A Xunta de goberno local por unanimidade **ACORDOU**:

**PRIMEIRO.**-Convocar e aprobar as bases de establecemento dos prezos públicos dos cursos organizados en Boimorto, redactadas pola normalizadora lingüística e pola animadora sociocultural, tal e como quedan reproducidas neste acordo, establecendo os prezos públicos en:

<b>Curso de cociña</b>	<b>16€/participante</b>
<b>Curso de tapicería, bricolaxe e restauración</b>	<b>22€/participante</b>

**SEGUNDO.**- Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos.

### **5.7.-CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES PARA ESTABLECER O PREZO PÚBLICO PARA A CEA BAILE DE NADAL 2014.**

En aplicación do disposto no acordo municipal regulador dos prezos públicos por actividades, servizos culturais, deportivos e análogos no Concello de Boimorto, publicado no BOP de data 10/11/2009, con modificación publicada en BOP en data 11/05/2010.

Vistas as bases para convocatoria e establecemento dos prezos públicos con motivo da celebración da Cea-Baile de Nadal 32014 redactadas en data 30/10/2014 pola normalizadora lingüística e a animadora sociocultural e que a continuación se reproducen literalmente:

#### **<<BASES PARA ESTABLECER OS PREZOS PÚBLICOS DA ACTIVIDADE DE CEA BAILE DE NADAL 2014.**

##### **1.- Obxeto.**

O obxeto destas bases e o establecemento do prezo público para a actividade de Cea-Baile de Nadal 2014, co obxecto de promoción, fomento e apoio desta festa que se celebrará o vindeiro sábado 13 de decembro ás 22:00 horas no Polideportivo Municipal.

##### **2.- Obrigados ao pagamento.**

Estarán obrigados ao pagamento todas as persoas que se inscriban nesta actividade, interesados deberán cubrir unha solicitude na que acordan que están conformes coas bases dos prezos públicos; polo que eximen ao Concello de calquera responsabilidade.

##### **3.- Contía**

O prezo público da actividade é de 22€ por persoa. E este prezo inclúe: un menú e o baile que se celebrará a continuación.

##### **4.- Bonificacións e exencións**

Non se contemplan bonificacións.

##### **5.- Obriga de pagamento**

A obriga de pagamento do prezo público, regulados no acordo municipal regulador dos prezos públicos por actividades, servizos culturais, deportivos e análogos no Concello de Boimorto, nace dende que o soliciten no Concello, achegen o anuncio a publicar e a continuación iniciárase a prestación da actividade especificada no artigo 3, a obriga de pagamento é do 100% do importe ao inscribirse. Boimorto, 30 de outubro de 2014

A normalizadora lingüística  
Asdo.- Sylvia Cea Vázquez

A animadora sociocultural  
Asdo.-Yolanda Barreiro Garea>>

A Xunta de goberno local por unanimidade **ACORDOU**:

**PRIMEIRO.**-Convocar e aprobar as bases de establecemento dos prezos públicos da Cea-Baile de Nadal 2014 organizada no Polideportivo Municipal o 13/12/2014, redactadas pola normalizadora lingüística e pola animadora sociocultural, tal e como quedan reproducidas neste acordo, establecendo os prezos públicos en:

**22€/participante**

**SEGUNDO.**- Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos.

### **5.8.-CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES PARA ESTABLECER OS PREZOS PÚBLICOS PARA A EXCURSIÓN Á PISTA DE XEO DA ALAMEDA (SANTIAGO DE COMPOSTELA) E Á XUENLUGO (LUGO).**

En aplicación do disposto no acordo municipal regulador dos prezos públicos por actividades, servizos culturais, deportivos e análogos no Concello de Boimorto, publicado no BOP de data 10/11/2009, con modificación publicada en BOP en data 11/05/2010.

Vistas as bases para convocatoria e establecemento dos prezos públicos con motivo das excursións á pista de xeo da Alameda (Santiago de Compostela) e á Xuvenilugo (Lugo) redactadas en data 24/10/2014 pola animadora deportiva e a animadora sociocultural e que a continuación se reproducen literalmente:

#### **<<BASES PARA ESTABLECIMENTO DE PREZOS PÚBLICOS PARA A EXCURSIÓN Á PISTA DE XEO DA ALAMEDA (SANTIAGO DE COMPOSTELA) E Á XUENLUGO (LUGO)**

##### **1.- Concepto**

Establecemento do prezo público para a excursión á pista de xeo da Alameda o día 23 de decembro de 2014, e ao Xuvenilugo o día 30 de decembro de 2014.

Os participantes para participar na excursión ó xeo deberán levar luvas (mellor se son de neve) para protexer ás mans nas posibles caídas. A hora e lugar de saída do autocar o día 23 de decembro será ás 10:00 h do Campo do Rosario (colexio).

O prazo de inscrición remata o martes día 16 de decembro. Os nenos/as menores de 10 anos deberán ir acompañados por un adulto e os demais nenos/as deberán presentar autorización firmada por un titor/pai/nai responsable.

A hora e lugar de saída do autocar o día 30 de decembro será ás 3:30 da tarde do Campo do Rosario (colexio). O prazo de inscrición remata o martes día 23 de decembro. Os nenos/as menores de 12 anos deberán ir acompañados por un adulto responsable, os demais nenos/as deberán presentar autorización firmada polo titor/pai/nai responsable.

##### **2.- Obrigados o pagamento**

Estarán obrigados ao pagamento todas as persoas que se se beneficien desta actividade.

Todos os asistentes ou representantes de menores deberán cubrir unha solicitude de autorización de participación, na que acordan que están conformes coas bases dos prezos públicos; polo que eximen ao Concello de calquera responsabilidade derivada da actividade.

##### **3.- Contía**

O prezo público da actividade é de 10 euros por persoa para o xeo e de 10€ para o Xuvenilugo. O prezo do xeo inclúe o desprazamento en autocar, o aluguer dos patíns e o uso da pista durante 1 hora; baixo ningún motivo se procederá ao reembolso do importe ingresado por esta actividade. O prezo do Xuvenilugo é de 10€ euros por persoa, inclúe entrada ó recinto e uso das atraccións e actividades de animación, o resto de actividades correrán a cargo de cada participante en caso de facer uso delas.

##### **4.- Bonificacións e exencións**

Non se contemplan bonificacións pois trátase dunha actividade puntual na que non se busca o fomento da participación familiar. Exención: pagamento parcial do custe do transporte desta actividade para todos os



participantes, con fundamento no coñecemento por parte dos participantes de actividades non ofertadas neste Concello.

**5.- Obriga de pagamento**

A obriga de pagamento é do 100% do importe ao inscribirse.

Boimorto 24 de outubro de 2014

A animadora deportiva

A animadora sociocultural

Asdo.- M<sup>a</sup> Amalia Seoane Barreiro

Asdo.- Yolanda Barreiro Garea>>

A Xunta de goberno local por unanimidade **ACORDOU**:

**PRIMEIRO.**-Convocar e aprobar as bases de establecemento dos prezos públicos das excursións a pista de xeo da Alameda (Santiago de Compostela) e á Xuvenilugo (Lugo), redactadas pola animadora deportiva e pola animadora sociocultural, tal e como quedan reproducidas neste acordo, establecendo os prezos públicos en 10 € por persoa para o xeo e de 10 € para o Xuvenilugo.

**SEGUNDO.**- Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos.

Seguidamente pola Secretaria dáse conta dos decretos números 384, 390, 398, 406, 407, 410, 420, 423, 426, 428 e 429 ditados pola Alcaldía Presidencia avocando as funcións delegadas na Xunta de Goberno Local, quedando os concelleiros que a integran informados.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a Sra. Alcaldesa remata a sesión, sendo as 15:02 minutos do expresado día. Autorízase a presente actuar coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr  
A ALCALDESA,

A SECRETARIA,

Asdo.- Ana Ledo Fernandez